

Translation, Gender, Nation: towards a theory and practice of feminist translation studies

Olga Castro

University of Exeter, U.K.

o.castro-vazquez@exeter.ac.uk (*until 31 August 2011*)

Aston University, U.K.

o.castro@aston.ac.uk (*as of 1 September 2011*)

ABSTRACT

Translation today is a crucial activity for understanding contemporary cultures and societies. The omnipresence of translation in this global village invariably has political and ideological consequences. The starting point of my project is the significance of the theory and practice of translation in the processes of social construction, an issue that has been thoroughly analysed from different perspectives in academic research in Translation Studies. Adding a new dimension, I am specifically interested in exploring the political role of translation in the construction of gender and cultural/national identities in the Galician context.

This aim leads me to critically intertwine the three fields of inquiry crucial to this study, namely, Translation Studies, Feminist Theory and Galician Studies (chapter 1). I start by arguing that, although Galician Translation Studies and Galician Feminist Theory are benefiting from greater recognition, at present there is little dialogue between them. My project is then set out with the general claim that it is necessary to articulate new avenues of dialogue that facilitate a common ground for feminism and translation in Galicia. In order to do so, I identify the main debates on translation within Galician Studies – which have given a prominent place to aspects of language, literature and history as institutional channels for the normalization of the minority and minorized Galician culture – and approach them from a feminist perspective, applying and evaluating some of the most fruitful discussions defining the field of gender and translation at an international level since the 1970s.

As such, my research goes in three directions, which are explored in the following chapters of my thesis: first, the historiography of translation and the role of Galician women translators in the re/construction of the Galician history (chapter 2); second, the paths of literary reception/exportation through translation and the contributions of women authors translated into and from the Galician literary system (chapter 3); and thirdly, I analyse translation proper as a purely interlinguistic practice, complementing the debates posed by the so-called ‘cultural turn’ in Translation Studies with those put forward by the discipline of Critical Discourse Analysis (chapter 4). Such complementarity leads me to conclude that, in the context of transnational debates of the current world, it is highly appropriate to articulate a third paradigm of feminist translation, which would consist of applying a third wave feminism and feminist linguistics (Mills 2008) to translation, so as to overcome the limitations of the first and second paradigm as repeatedly proposed by Luise von Flotow (1999, 2007). Taking into account the significant role that an inclusive and non-sexist Galician target language plays in the perception of reality, I end up by presenting some theoretical and practical notes for a (third wave) feminist English-Galician translation, highlighting the active and self-critical role of translators in all decision-making processes (chapter 5).

All in all, this allows me to conclude that such an intersection between Translation, Feminism and Galician Studies is mutually beneficial for all fields of inquiry – not only does it contribute to the development of global debates on gender and translation with a vision from minority cultures in the First World, but it also contributes to the development of critical discourses on translation as a tool for the normalization of minority cultures with a view to considering how all social processes are conditioned by gender. Therefore, it is my contention that outlining the notion of ‘Galician Feminist Translation Studies’ will ultimately strengthen the view of translation as a political tool with which to normalise egalitarian gender relations in the very process of normalising the Galician culture.

KEYWORDS: Galician feminist translation studies, Galician women authors translated, Galician women translators, gender and translation in Galician Studies, non-sexist language in translation, third paradigm of feminist translation, women authors translated into Galician

Completion of Thesis

Place: Universidade de Vigo, Spain

Year: 2010

Supervisors: Dr Belén Martín-Lucas and Dr Burghard Baltrusch

Original language: Galician

Tradución, xénero, nación: cara a unha teoría e práctica da tradución feminista

Olga Castro

A tradución constitúe na actualidade unha actividade central para a comprensión das culturas e sociedades contemporáneas. A omnipresenza da tradución nesta aldea global posúe, invariabelmente, consecuencias políticas e ideolóxicas. Tal constatación constitúe o punto de partida desta tese, centrada en explorar a influencia da teoría e da práctica da tradución nos procesos de construción social, un aspecto que xa fora abordado exhaustivamente desde diferentes posicionamentos da investigación académica en tradutoloxía. Engadindo agora unha nova dimensión, o meu interese radica en explorar a función política da tradución na construción das identidades de xénero e das identidades culturais/nacionais no contexto galego.

Este propósito condúceme a entretecer de xeito crítico os tres eidos de análise que vertebran este estudo: tradutoloxía, teoría feminista e estudos galegos (capítulo 1). Comezo por albiscar como, malia que a tradutoloxía galega e a teoría feminista galega gozan cada vez dun maior recoñecemento, na actualidade persiste unha patente falta de diálogo entre elas. O meu proxecto comeza, xa que logo, reivindicando a necesidade de articular novas vías de diálogo que faciliten uns alicerces comúns nos que asentar os debates sobre feminismo e tradución en Galiza. Con este propósito, identifico os principais intereses nos estudos galegos sobre tradución (os cales veñen outorgando un espazo destacado a cuestións de lingua, literatura e historia como canles que mellor funcionan na normalización da cultura minoritaria e minorizada de Galiza) para ollalos desde unha perspectiva feminista, aplicándolles algunhas

das achegas máis frutíferas que definen o campo do xénero e tradución no plano internacional desde os anos 70, que tamén avalío.

Neste sentido, a miña investigación encamiñase en tres direccións, as cales esculco nos capítulos vindeiros da miña tese. Primeiramente, a historiografía da tradución e o papel das tradutoras galegas na re/construción da historia galega (capítulo 2). En segundo lugar, as rutas de recepción/exportación literaria mediante a tradución e as contribucións das autoras traducidas á e desde o sistema literario galego (capítulo 3). E finalmente, analizo a tradución como práctica interlingüística, complementando os debates propostos pola chamada ‘viraxe cultural’ nos estudos de tradución con aqueloutros que presenta a disciplina da análise crítica do discurso (capítulo 4). Esta complementariedade lévame a afirmar que, no contexto dos debates transnacionais do mundo actual, resulta acaído articular un terceiro paradigma na tradución feminista, consistente en aplicar un feminismo e unha lingüística feminista da terceira vaga (Mills 2008) á tradución, como xeito de superar as limitacións do primeiro e do segundo paradigma que reiteradamente propuxera Luise von Flotow (1999, 2007). Dada a función vital que na categorización da realidade desempeña unha linguaxe inclusiva e non-sexista do idioma meta galego, remato por presentar uns apuntamentos teórico-prácticos para unha tradución feminista (da terceira vaga) do inglés ao galego, pondo énfase no papel activo e autocrítico que as tradutoras/es están chamados a desempeñar ao longo de todo o proceso de toma de decisións (capítulo 5).

En suma, este proxecto permíteme concluír que a intersección entre tradución, feminismo e estudos galegos resulta mutuamente beneficiosa para todos os campos de análise relacionados, pois non só contribúe ao desenvolvemento dos debates sobre xénero e tradución a escala global coa visión que lle fornecen as culturas minoritarias do primeiro mundo, senón que tamén contribúe ao desenvolvemento dos discursos críticos sobre tradución como ferramenta para a normalización das culturas minoritarias coa consideración de que todos os procesos sociais están condicionados polo parámetro xénero. Así pois, reivindico que bosqueñar a noción de ‘tradutoloxía feminista galega’ porá de releve, en última instancia, o papel político da tradución como mecanismo co que normalizar unhas relacións de xénero igualitarias no proceso mesmo de normalización da cultura galega.

PALABRAS CLAVES: autoras galegas traducidas, autoras traducidas a galego, linguaxe non sexista na tradución, terceiro paradigma da tradución feminista, tradutoloxía feminista galega, tradutoras galegas, xénero e tradución nos estudos galegos.